

## **EDICTO.-**

En cumprimento do disposto nas bases da convocatoria para a provisión dunha praza de persoal de apoio do punto de atención á infancia do Concello de Friol, como persoal laboral do Concello de Friol, polo Sr. Alcalde-Presidente Don Antonio E. Muiña Pena, díctase a resolución da que se transcribe a continuación o seu tenor literal:

**DON ANTONIO E. MUIÑA PENA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO**

Vista a convocatoria para a selección e contratación de persoal laboral con carácter temporal para o Punto de Atención á Infancia do Concello de Friol, de conformidade coas bases aprobadas por resolución da Alcaldía de 15 de febreiro do actual. A convocatoria publicouse no B.O.P. núm. 45, de 24 de febreiro, así como no taboleiro de anuncios e as bases na páxina web do Concello de Friol.

Visto o disposto nas bases da convocatoria para a provisión dunha praza de PERSOAL DE APOIO do Punto de Atención á Infancia, en canto aos requisitos contemplados nas bases para ser admitidos/as ao proceso selectivo, en especial ao disposto en canto a estar en posesión das titulacións que se recollen nas bases, así como na normativa autonómica en relación cos centros de atención á infancia. Os requisitos deberán poseerse polos/as aspirantes no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e nas solicitudes presentadas inclúense as declaracións asinadas de que coñecen e reúnen os requisitos establecidos nas bases de convocatoria e sen prexuízo de que polo/a seleccionado/a deberase presentar con posterioridade a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo, e que no caso de non presentala decaerán nos seus dereitos e non poderán ser nomeados/as, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

Visto que no anuncio publicado no B.O.P. núm. 45, de 15 de febreiro do actual, faise constar expresamente que os sucesivos anuncios que se derivan da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios desta entidade e na páxina web do concello, así como do disposto na resolución da Alcaldía de data 15 de marzo do actual, pola que se procede á corrección de erros de transcripción nas bases da convocatoria, así como se presta aprobación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo.

No prazo concedido ao efecto, por Oscar Manuel Lorenzo Fernández, presentouse escrito, no que expón que cumpre coas esixencias formativas ao contar coa titulación de mestre diplomado de educación primaria (especialidade educación física), que estaría encadrada en "mestre de educación infantil ou equivalente", solicitando oficialmente a súa aceptación no proceso selectivo, ou no seu caso xustificación legal vixente da causa da súa non aceptación ou exclusión. Visto que a súa titulación, non está entre as esixidas polas bases da convocatoria, nin pola normativa autonómica ao respecto (Decreto 329/2005 de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia). Visto ademais que no art. 92 da Lei Orgánica da Educación, no referente a profesorado de educación infantil, dispónse que a atención educativa directa aos nenos do primeiro ciclo de educación infantil, correrá a cargo de profesionais que posúan o título de mestre, coa especialización en educación infantil ou o título de grado equivalente, ou no seu caso, doutro persoal coa debida titulación para a atención de nenos e nenas de esta idade. Engade que en todo caso a elaboración e seguimento da proposta pedagóxica estarán baixo a responsabilidade dun profesional co título de mestre en educación infantil ou título de grado equivalente. No párrafo 2 do artigo dispónse que no segundo ciclo de educación infantil, os mestres da especialidade de educación infantil, poderán ser apoiados por mestres doutras especialidades cando as ensinanzas impartidas o requiran. Ademais realizáronse consultas ao respecto ao Servizo de Inspección a Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar (en canto os centros necesitan da súa autorización para o seu funcionamento) e da Consellería de Educación, ao respecto do equivalente á

mestre de educación infantil, poñendo de manifesto que o término "equivalente", refírese ás titulacións anteriores á educación infantil (como os diplomados en profesorado de EXB, mestres de primeira ensinanza), que se homologan pola Consellería de Educación. Á vista das razóns expostas, non procede a estimación do escrito presentado, solicitando a súa aceptación no proceso selectivo.

Á vista do anteriormente exposto, do disposto nas bases da convocatoria e en uso das facultades que me confire a vixente lexislación de réxime local

**DECRETO:**

- Elevar a definitiva a lista de aspirantes admitidos e excluídos, para persoal de apoio do Punto de Atención á Infancia, aprobada por Resolución da Alcaldía de 15 de marzo do actual, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, denegando a reclamación presentada por Don Oscar Manuel Lorenzo Fernández, co D.N.I. núm. 34.995.001-H e confirmando a súa exclusión, por non estar en posesión das titulacións esixidas para participar na convocatoria, polas consideracións anteriormente expostas.

**- ADMITIDOS/As:**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>D.N.I.</b>
VARELA ROMERO LORENA	33.335.870-S
SANTIN AMO SUSANA	79.327.052-Y
ROCA GOMEZ ROSALÍA	33.540.609-P
QUIJADA LOPEZ ADRIANA	33.548.372-C
FONTE GAYOSO NOELIA	33.341.942-S
FEIJOO VARELA CRISTINA	33.345.984-D
MOURENZA FERNÁNDEZ ESTHER	33.351.449-T
FARIÑAS LOPEZ MARÍA CARMEN	33.549.401-Z
ALONSO ABEL ANA TERESA	33.825.398-B
ROMAY CASTIÑEIRA LAURA	33.537.797-W
NEIRA OTERO CLARA	53.110.435-P
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ LETICIA	53.11.9510-K

**- EXCLUIDOS/AS:**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>D.N.I.</b>	<b>CAUSA EXCLUSIÓN</b>
LORENZO FERNÁNDEZ OSCAR MANUEL	34.995.001-H	Non acreditar posesión das titulacións esixidas para acceder á convocatoria.
GARCÍA BARREIRO MARÍA CARMEN	76.579.141-C	Non acreditar posesión das titulacións esixidas para acceder á convocatoria.
GARCÍA GONZÁLEZ YOLANDA	33.341.798-D	Non acreditar posesión das titulacións esixidas para acceder á convocatoria.
RODRÍGUEZ MORANDEIRA MARÍA JOSÉ	33.277.548-K	Non acreditar posesión das titulacións esixidas para acceder á convocatoria.
TELLO LÓPEZ MARÍA CRISTINA	33.504.819-Y	Non acreditar posesión das titulacións esixidas para acceder á convocatoria.
LÓPEZ VEIGAS AURORA	76.618.804-P	Non acreditar posesión das titulacións esixidas para acceder á convocatoria.
OTERO FERNÁNDEZ VANESA	33.344.917-T	Excluída por presentación fora do prazo e non acreditar posesión das titulacións esixidas para acceder á convocatoria.

- Designar ao **Tribunal calificador** encargado da valoración dos méritos e a realización das entrevistas curriculares, para a provisión do posto de técnico medio encargado do punto de atención á infancia do Concello de Friol, que estará composto por:

*Presidente: Don Jesús Morado López, tesoureiro do Concello de Friol; como suplente: Don José Ángel Balseiro Amido, Secretario do Concello de Rábade.*

*Vogais:*

*Don Pablo Veiga López-Castelo, traballador social dos concellos de Friol e Guntín; suplente: Dona Margarita Viña Santos, traballadora social do Concello de Portomarín.*

*Dona Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria do Concello de Baralla; suplente Don José Luis Vázquez Méndez, Secretario dos Concellos de Guntín-Portomarín.*

*Dona Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria do Concello de Monterroso; suplente: María Jesús Blanco Prado, técnico local de emprego do Concello de Begonte.*

*Secretario.- Don Julio González Casanova, Secretario do Concello de Friol; como suplente: Don Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario do Concello de Begonte.*

-De non existir causas de abstención e recusación algunha dos membros do tribunal, previstas nos art. 28 e 29 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, **convócase ao Tribunal Calificador** para a súa constitución para o vindeiro día 6 de abril de 2011, ás dezasete e quince minutos, e media hora mais tarde para a calificación dos méritos presentados polos/as aspirantes e a realización das entrevistas persoais. Do mesmo xeito, convócase en único chamamento aos aspirantes admitidos, para que comparezan na devandita data, aos efectos de realización das entrevistas curriculares, a partir das dezoito horas e trinta minutos do devandito 6 de abril.

O que manda e asina en Friol a vinte e cinco de marzo de dous mil once

**RECURSOS:** a presente resolución que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria. Contra a mesma, no referente á exclusión definitiva de aspirantes, poderá postestativamente interpoñerse recurso de reposición, no prazo de un mes ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir da publicación de edicto no BOP. Todo elo, sen prexuício do establecido nos art. 28 e 29 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, sobre abstención e recusación dos membros do Tribunal. No obstante, os interesados, poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración, na resolución que poña fin ao procedemento, conforme ao disposto no art. 107 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Friol a 25 de marzo de 2011.

**O ALCALDE**